

se acredite que o investimento da modificación parcial ou global que se realiza supera o 50 por cento do investimento total da planta, valorada con criterio de reposición, tal e como se define no artigo 4, punto 3, do Real decreto 661/2007, do 25 de maio.

2. Para aplicar os criterios de valoración que servirán de base para a determinación do concepto de modificación substancial en instalacións de coxeración, deberase presentar un proxecto de execución asinado por técnico competente e visado polo colexio oficial correspondente, en que se xustifique que a modificación substancial que se pretende levar a cabo, consistente na substitución de equipamentos e melloras propostas para a súa realización (en equipamentos susceptibles de reposición e mellora asociada a esta reposición da eficiencia enerxética) que superen o 50% do investimento total da planta, valorada esta con criterio de reposición. O proxecto de execución deberá incluír un orzamento detallado das subministracións e traballos que se vaian desenvolver. Calquera modificación do proxecto deberá ser comunicada ao órgano competente e dará lugar á revisión do recoñecemento da modificación substancial.

O proxecto previsto no parágrafo anterior incluírá un estudo enerxético de acordo coa memoria-resumo anual establecida no anexo IV do Real decreto 661/2007, que recolla a situación actual e a prevista despois da modificación substancial, incluíndo os valores acadados de rendemento eléctrico equivalente e de aforro de enerxía primaria.

3. A modificación substancial incluírá a substitución e melloras asociadas a ela dos principais equipos que impliquen melloras de rendemento ou aumento de potencia mantendo o rendemento. Considerarase como custos elixibles á hora de valorar o investimento total a mellora dalgúns dos seguintes equipamentos:

-Motores alternativos, turbinas de gas, turbinas de vapor.

-Caldeiras.

-Alternador.

-Sistemas de refrixeración e recuperación de calor.

-Renovación da instalación de cables eléctricos, armarios e equipos de control.

-Transformadores.

-Mellora do illamento para ruídos e vibracións.

-Melloras ambientais (substitución do combustible, tratamento do combustible, tratamento dos gases de escape o/ou outros efluentes).

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Industria, Enerxía e Minas para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orden entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2009.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 22 de decembro de 2009, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se procede á publicación da nova concesión de subvencións concedidas en virtude da Orde do 26 decembro de 2008, pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar os concellos de Galicia para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante a tempada de verán.

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicou, con data 15 de xuño de 2009, DOG nº 115, a resolución pola cal se publicaban as subvencións concedidas en virtude da Orde do 26 decembro de 2008, pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar os concellos de Galicia para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante a tempada de verán.

Tras a renuncia de varios concellos á subvención concedida, por importe total de 35.472 euros, e de conformidade co disposto no artigo 18.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procédese á publicación das novas subvencións concedidas por resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Finalidade da axuda: contratación temporal de auxiliares de policía local na tempada de verán do ano 2009.

Norma reguladora: Orde do 26 de decembro de 2008, pola que se regula a concesión de axudas económicas aos concellos de Galicia para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante a tempada de verán (DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2009).

Aplicación orzamentaria: 41.03.141.A.460.0. do exercicio 2009.

Concellos beneficiarios e importes concedidos (anexo).

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2009.

José Norberto Uzal Tresandí
Director xeral de Administración Local

ANEXO

Concello	Importe
Sanxenxo	3.154
Baiona	3.000
A Pobra do Caramiñal	1.500
O Grove	1.500
Miño	1.500
Ribadeo	1.500
Cambados	1.500
O Carballiño	1.500
Ribadavia	1.500
Padrón	1.500
Ribeira	1.226
Cangas	1.500
A Guarda	1.500
Foz	1.500
Pontedeume	1.500
Poio	1.500
Monforte de Lemos	1.500
Sada	1.500
Moaña	1.500
Bueu	1.500
Noia	1.500
Marín	1.092

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA**

Resolución do 12 de xaneiro de 2010 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 4 de setembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (IN519B)-2ª convocatoria (Diario Oficial de Galicia número 184, do 18 de setembro de 2009).

De conformidade co disposto no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 20º da Orde do 19 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á

súa convocatoria para o ano 2009 (IN519B)-2ª convocatoria.

RESOLVO:

Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas ao abeiro da citada orde.

-Norma reguladora: Orde do 4 de setembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (IN519B)-2ª convocatoria.

-Aplicacións orzamentarias: 44.04.732-A760.0 Concellos. Actuacións para infraestruturas en polígonos industriais.

-Crédito orzamentario:

Concellos: 1.238.195,34 € (ano 2009).

-Beneficiarios, importe e finalidade das axudas: véxanse os anexos.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2010.

P.D. (Orde 30-4-2009; DOG nº 87, do 6 de maio)

José Riesgo Boluda

Secretario xeral de Economía e Industria

Concellos. Actuacións para infraestruturas en polígonos industriais procedentes da 1ª convocatoria - Orde do 19 de febreiro de 2009. (Anexo IV)

Beneficiario	Finalidade	Concedido (2009)
Concello de Pontevedra	Acondicionamento de accesibilidade de paso de peóns no polígono industrial do Campiño	380.835,38 €
Concello de Ordes	Acondicionamento da vía no polígono industrial de Ordes	100.000,00 €
Concello de Cambados	Complementario de movemento de terras na área industrial de Sete Pías	90.000,00 €
Concello do Pereiro de Aguiar	Marcación de estradas e reparación de beirarrúas no polígono do Pereiro de Aguiar	15.000,00 €
Concello de Melide	Mellora nas infraestruturas (acondicionamento de vías) do parque empresarial da Madalena	18.597,80 €

Concellos. Actuacións para infraestruturas en polígonos industriais procedentes da 2ª convocatoria - Orde do 4 de setembro de 2009. (Anexo III)

Beneficiario	Finalidade	Concedido (2009)
Concello da Cañiza	Pavimentación vía e L.M.T. soterrada no polígono industrial da Cañiza	174.960,57 €
Concello da Cañiza	Redacción proxecto depuradora polígono industrial da Cañiza	12.460,00 €
Concello de Maside	Reparación e pavimentación vía acceso ao polígono da Uceira	79.197,22 €
Concello de Forcarei	Ref. L.M.T. SJG840 Cerdedo e reguladores de media tensión do parque empresarial de Vilapouca	124.274,21 €
Concello de Forcarei	L.M.T. ZT do parque empresarial de Vilapouca	242.594,12 €